

ELECCIÓN DO CONSELLO ESCOLAR

CONSTITUCIÓN DA XUNTA ELECTORAL

Comunicámoslles, que de conforme co establecido Resolución do 10 de setembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18/09/2024), realizárase proximamente neste Centro a renovación do **CONSELLO ESCOLAR** que é o instrumento de participación na vida escolar de todos os sectores educativos.

A organización e a supervisión do procedemento de elección de novos membros do Consello Escolar estará a cargo da **Xunta Electoral** que se constituirá ao efecto, e estará integrada por:

- A Directora do Centro.
- Un/unha docente.
- Un pai ou nai ou titor/a legal.
- Un/unha alumno/a.
- Unha representante do PAS

Os catro últimos serán designados por sorteo segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ao establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público e no que se preverá a designación de membros suplentes, celebrarase neste centro o próximo **día 23 de outubro, mércores, ás 11:00 horas no Salón de Actos, no Edificio de Bacharelato.**

As persoas membros da comunidade educativa que desexen presentar as súas candidaturas para formar parte do novo Consello Escolar deberán seguir as instrucións que figurarán nas distintas **convocatorias** que proximamente se farán públicas pola Xunta Electoral tanto no Centro como através da aplicación ABALAR.

A Directora do IES de Allariz

Allariz, 21 de outubro de 2024